



## ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "O VISO"



Procédese a adaptar os estatutos da Asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" 32631 Lodoselo (Sarreaus) co nº de rexistro provincial de asociacións 894 e co CIF: G-32122376

### TÍTULO I

#### Capítulo 1: DENOMINACIÓN, DURACIÓN, ÁMBITO, ENDEREZO E FINS.

##### Artigo 1º:

En base ó dereito de libre asociación, recoñecido pola Constitución de 1978 e ó amparo da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociacións constitúese a Asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" que se rexerá polos presentes Estatutos e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Esta asociación do CDR "O Viso" nace con personalidade xurídica e goza de plena autonomía no exercicio das súas actividades, por tempo indefinido e carecendo de ánimo de lucro.

##### Artigo 2º:

O ámbito de actuación estará enmarcado no provincial, con especial atención no local e comarcal.

##### Artigo 3º:

O domicilio social legal da asociación do Centro de Desenvolvemento rural "O Viso" - CDR "O Viso"- establécese en Lodoselo, concello de Sarreaus, provincia de Ourense no centro social multiusos de Lodoselo. C.P.nº 32631. Teléfono 988454408.

Dito domicilio poderase cambiar por simple decisión da Xunta Directiva, sempre que non implique modificación de ámbito territorial, neste suposto observaranse as normas referentes ás modificacións estatutarias.

Para os efectos de comunicacións e notificación sinalanse como preferentes as seguintes direccións:

32631 Lodoselo (Sarreaus)  
Tfno. 1: 988454408  
Tfno. 2: 988462004  
Fax: 988462004



**Artigo 4º:**

**1.- Son fins da asociación do CDR "O Viso" os seguintes:**

- a) Ser lugar de encontro e coordinación de institucións, grupos e persoas que traballan e están preocupadas polo medio rural e a súa específica problemática.
- b) Realizar estudos e análises obxectivos sobre a situación actual e as perspectivas de futuro das zonas rurais.
- c) Ser centro de iniciativas tendentes a impulsar e canalizar accións conxuntas coas diversas Administracións, (local, provincial, autonómica, estatal e internacional) entidades e institucións, públicas e privadas, tendentes á solución dos problemas da zona.
- d) Impulsar a educación, formación, información, ensinanza e cultura popular do medio rural en tódolos seus aspectos e promover o desenvolvemento e progreso humano, económico e social do mesmo.
- e) Apoiar cantas iniciativas aparezan a favor da revalorización humana, técnica e económica, da agricultura e da gandería, á vez que se promove a búsqueda de novas actividades sociais e económicas, nadas dun posible mellor aproveitamento dos recursos humanos e naturais.
- f) Promover a participación de tódolos membros da comunidade e prestar servicios a tódolos sectores de poboación: infancia, mocidade, mulleres, terceira idade e outros colectivos en situación de marxinação social, na afirmación da súa propia identidade rural e con referencia especial á familia.
- g) Organizar cantas actividades sexan precisas para a mellor información e formación nos diversos campos: economía social, emprego, cooperativismo, asociacionismo, necesidades de equipamento e asistenciais, rehabilitación do medio físico natural, protección da biodiversidade, eficiencia no uso dos recursos naturais, economía, transformación e comercialización agraria e gandeira, animación socio-cultural, lúdicas e de potenciación da expresión e comunicación, do artesanado, turismo rural, etc.....
- h) Ser unha entidade prestadora de servicios á mocidade na que estarán integrados mozos/as con idades comprendidas entre os 14 e os 30 anos; organizando cantas actividades sexan precisas para alcanzar tódolos fins incluídos no artigo 4º (fins desta asociación) de forma específica para este sector da poboación.
- i) Prestar especial atención e apoio, a través de programas específicos ós colectivos de discapacitados, enfermos mentais, menores en situación de conflito e risco social, inmigrantes, minorías étnicas, xitanos.... e outros colectivos en situación de exclusión social.
- j) Encamiñar tódalas actuacións a fomenta-lo desenvolvemento do principio de igualdade de xénero.
- k) Ser unha entidade de acción voluntaria que promocióne e fomente a formación, sensibilización, información e participación de voluntarios/as no CDR "O Viso" e outras asociacións ou entidades e programas de voluntariado.

**2.- Para o cumprimento destes fins realizaranse as seguintes actividades:**

- a) Coordinación, información e asesoramento integral a asociacións, entidades privadas, persoas físicas, pemes e organismos públicos.
- b) Educación, formación, información, animación, dinamización, atención social e asistencial de nenos/as, mulleres, mocidade, persoas maiores, discapacitados, inmigrantes, minorías étnicas, enfermos mentais, familias desestruturadas, menores en situación de conflito o risco social, e outros colectivos e/ou persoas



- en situación de marxinación ou exclusión social; sempre tendo en conta as directrices marcadas para o cumprimento dos fins desta asociación.
- c) Vivenda comunitaria para persoas maiores, comedor social e comunitario, servicio de lavandería e pranchado, axuda a domicilio, servicio de acompañamento e axuda ós maiores, aula da natureza, pobo escola, animación do tempo libre infantil, oficina de información xuvenil e comunitaria, aulas de educación de persoas adultas, charlas rotativas, obradoiros, cursos...
- d) Información, formación, asesoramento e participación nas accións voluntarias e solidarias da comarca e fóra dela, potenciando os valores de solidariedade, interculturalidade e dereitos humanos.

Os beneficios obtidos polo CDR "O Viso", derivados do exercicio das actividades económicas, incluídas as prestacións de servicios, destinaranse, exclusivamente, ó cumprimento dos fins desta Asociación, e nunca o seu reparto será entre os asociados/as nin entre os seus cónxuxes ou persoas que convivan con aqueles con análoga relación de afectividade, nin entre os seus parentes, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## TÍTULO II

### Capítulo 1: ASOCIADOS/AS:

#### Artigo 5º:

A calidade de asociado/a adquirese por admisión, aprobada pola Asemblea Xeral, de aquelas persoas físicas, institucións ou persoas xurídicas – ben como tales ou mediante o seu representante legal – que, vivindo ou traballando dentro dos límites de actuación da Asociación do CDR "O Viso" desexan colaborar na mesma.

A calidade de asociado/a pérdese por:


- Dimisión.
- Por exclusión determinada por la Asemblea Xeral Extraordinaria, a proposta da Xunta Directiva e previa audiencia do/a asociado/a se o desexa, polas seguintes causas:
  - Por atentar gravemente contra os fins e traballos da Asociación do CDR "O Viso"
  - Por negarse, reiteradamente, a pagar as cotas obrigatorias.
  - Por faltar, tres veces seguidas ou cinco alternas, ás reunións da Asemblea Xeral sen aportar suficiente xustificación.

#### Artigo 6º:

**Son dereitos dos/as asociados/as:**

- Participar en tódalas actividades encamiñadas á consecución dos fins da asociación, respectando as facultades privativas da Xunta Directiva.
- Ter voz e voto nas Asembleas Xerais.
- Ser candidato/a a calquera posto de responsabilidade.
- Presentar á Xunta Directiva cantos proxectos, iniciativas ou suxerencias, consideren que poidan ser de utilidade á Asociación.
- Ser informado acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súas actividades.

- f) A ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e a ser informado dos feitos que deran lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
- g) A impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
- h) Ter copia destes Estatutos.



**Artigo 7º:**

**Son obrigas dos/as asociados/as:**

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
- b) Pagar as cotas e/ou outras obrigas, que con arranxo ós Estatutos poidan corresponder a cada socio/a.
- c) Cumprir o resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno en representación da asociación.

**TÍTULO III**

**Capítulo 1: ÓRGANOS RECTORES:**

**Artigo 8º:**

Os órganos rectores da Asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" son a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

**Artigo 9º:**

A Asemblea Xeral é o órgano máximo de goberno da Asociación, a ela poden e deben acudir coma unha obriga social, con voz e voto, tódolos asociados/as que estean ó día no pago das súas cotas.

**Artigo 10º:**

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, como mínimo, unha vez ó ano, e con carácter ordinario sempre que o acorde a Xunta Directiva por maioría absoluta dos/as asistentes ou por iniciativa dun tercio dos asociados/as.

A convocatoria da Asemblea Xeral efectuarase pola Xunta Directiva con dous días de antelación no caso da Asemblea Xeral ordinaria e cun día para as asembleas que teñan carácter de extraordinarias.

A convocatoria deberá acompañar necesariamente a orde do día, así como os informes, plans e propostas que estime a Xunta Directiva.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída cando, na primeira convocatoria, estean presentes ou representados os dous tercios da totalidade dos/as asociados/as e en segunda convocatoria, que poderá ser no mesmo día, calquera que sexa o número de asociados/as presentes.

Os acordos da Asemblea Xeral obrigan a tódolos asociados/as, tanto ós presentes como ós ausentes.

**Artigo 11º:**



A Asemblea Xeral estará presidida polo presidente/a da Xunta Directiva ou por quen estatutariamente o superpoña, actuando como secretario/a o da Xunta Directiva. De cada reunión levantarase a acta correspondente que será subscrita polo presidente/a e o secretario/a.



**Artigo 12º:**

Son facultades da Asemblea Xeral:

A. Ordinaria:

1. Aprobar o Plan de Xestión do ano.
2. Aprobar o balance económico do ano anterior.
3. Aprobar o orzamento para o ano.
4. Admitir os/as novos asociados/as e ratifica-las baixas voluntarias.
5. Determinar a cantidade e a data do cobro da cota dos/as asociados/as.
6. Elixir ou reelixir ós membros da Xunta Directiva.
7. Decidir en cantos asuntos se sometan a súa consideración pola Xunta Directiva.

B. Extraordinaria:

1. Aprobar e modificalos estatutos da Asociación.
2. Cambiar o enderezo social cando implique modificación de ámbito territorial.
3. Acordar a disolución da Asociación.
4. Acordar a expulsión de asociados/as polos motivos contemplados no artigo 5º dos presentes estatutos.
5. Calquera outra cuestión que, pola súa importancia ou gravidade, a Xunta Directiva determine para que sexa tratada na Asemblea Extraordinaria.

Nas reunións da Asemblea Xeral trataranse só os temas incluídos na orde do día.

**Artigo 13º:**

Os acordos das Asembleas Xerais Ordinarias adoptaranse da seguinte forma:

- a) Para a Asemblea Xeral Ordinaria, por maioría simple (A porcentaxe máis alta).
- b) Para a Asemblea Xeral Extraordinaria, por maioría absoluta (A metade máis un).

Tanto no caso a) como no b) entenderase sobre os presentes na Asemblea e con dereito a voto.



**Artigo 14º:**

A Xunta Directiva é o órgano de goberno que de maneira permanente dirixe a Asociación e controla a súa administración, sendo a máxima representación da Asociación entre a Asemblea.


**Artigo 15º:**

A Xunta Directiva estará composta por un mínimo de cinco persoas segundo acordo que preceda á elección dos membros na Asemblea Xeral.

A Xunta Directiva será elixida para un período de catro anos, renovándose por metades cada dous anos. Para a primeira renovación deberá cesar a metade, ou a metade

máis un cando sexan impares, permanecendo o resto ata concluír o seu mandato, nese caso aplicarase o criterio de idade das persoas, cesando os de menor idade. Son posibles as reeleccións, sen limitación algunha, do/a Presidente/a e dos demais membros da Asociación.



A Asemblea Xeral Extraordinaria poderá revocar, en todo momento, a elección de calquera membro da Xunta Directiva.

#### Artigo 16º:

A Xunta Directiva reunirse sempre que o acorde o/a Presidente/a por si, ou a instancia de tres membros da mesma e tomará os acordos por maioría simple das persoas asistentes, salvo cando se trate da convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria que se precisará a maioría absoluta dos/as presentes. En caso de empate decidirá o voto de calidade do/a Presidente/a. A convocatoria das reunións será feita polo Presidente/a cunha antelación de 24 horas.

#### Artigo 17º:

Os integrantes da Xunta Directiva nomeados directamente pola Asemblea Xeral ordinaria, procederán entre eles á asignación dos diferentes cargos, que poden ser os de Vicepresidente/a, secretario/a, ecónomo/a, vocais. O Presidente/a deberá ser nomeado directamente pola Asemblea. En ningún caso a Xunta Directiva poderá omitir o nomeamento do/a Secretario/a.

Os membros da Xunta Directiva desempeñarán gratuitamente os seus cargos e non poderán percibir retribucións con cargo a fondos e subvencións públicas.


Non obstante, o disposto no parágrafo anterior, os mesmos poderán recibir unha retribución acorde ós servizos prestados á asociación de acordo cos convenios colectivos ou acordos fixados entre as partes independentes segundo as regras do mercado. A realización de ditos servizos serán distintos ás funcións que lles corresponde como membros do órgano de representación.

Contarán cos medios persoais e materiais adecuados e coa organización idónea para garantir o cumprimento dos fins estatutarios.

#### Artigo 18º:

Son facultades da Xunta Directiva:

- a) Dirixir e coordinar á Asociación do CDR "O Viso".
- b) Executar os acordos tomados na Asemblea Xeral.
- c) Autorizar ó/a coordinador/a ou xerente par abrir e pechar contas correntes, en xeral, realizar tódalas operacións que sexan precisas para a boa marcha da Tesourería do CDR "O Viso", así como axudar a preparar e presentar á Asemblea Xeral o balance e o orzamento de cada exercicio como da memoria de actividades do ano.
- d) Propor á Asemblea Xeral a admisión ou expulsión de asociados/as.
- e) Propor á Asemblea Xeral a contratación de todo tipo de persoal asalariado, técnico e administrativo.
- f) Convocar ás Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- g) En Xeral, exercer tódalas facultades que explicitamente non estivesen reservadas ás Asembleas ou que a Xunta Directiva considere necesario abordar sempre que se respecten os presentes Estatutos.





## TÍTULO IV

### Capítulo 1: DO PATRIMONIO E RECURSOS:

#### Artigo 19º:

A Asociación do Centro de Desenvolvemento Rural "O Viso" establecida sen patrimonio inicial e carecendo de fin lucrativo algún, terá como recursos económicos:

1. As cotas que a Asemblea Xeral Ordinaria estableza ós seus asociados/as.
2. A renda dos bens que legalmente puidera chegar a posuír.
3. As aportacións, doazóns, herdanzas, legados, subvencións, axudas e en xeral cantos recursos puidera obter coa lexislación vixente.
4. Os ingresos que reporten a prestación de servizos e actividades que, legalmente poida desenrolar e que sexan legalmente permitidos.

Tódolos recursos dedicaranse á financiación das actividades que se realicen. Se algún exercicio se saldara con resultados económicos positivos, estes aplicaríanse en exercicios posteriores, segundo o previsto nos fins dos presentes Estatutos.

#### Artigo 20º:

O presuposto anual ordinario desta Asociación do CDR "O Viso" se estima en setenta e cinco mil euros (75.000 €) e o extraordinario en seiscientos mil euros (600.000 €)

#### Artigo 21º:

A Asociación do CDR "O Viso" goza de plena autonomía na administración do seus bens e recursos. A Administración do patrimonio e recursos, se os houbera, corresponde á Xunta Directiva baixo a supervisión da Asemblea Xeral.

#### Artigo 22º:

Anualmente, e con referencia ó 31 de decembro de cada ano, practícarase o inventario e balance da situación, que se formalizarán nunha memoria e será exposta a disposición dos/as asociados/as durante un prazo non inferior ós 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria que deberá aprobalos ou censuralos.

#### Artigo 23º:

A responsabilidade económica da Asociación do CDR "O Viso", fronte a terceiros, como consecuencia dos actos que realice, concretarase co seu propio patrimonio, con independencia total e absoluta do patrimonio dos seus asociados/as e viceversa.

En ningún caso poderá pasar ben algún á persoa ligada ós membros da Asociación do CDR "O Viso".

## TÍTULO V

### Capítulo 1: DA DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.





**Artigo 24º:**

A Asociación do CDR "O Viso" disolverase polas causas seguintes:

- 1) Por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria convocada expresamente para este fin, por un número de asociados non inferior ó 50% sempre que a proposta de disolución houbera sido coñecida formalmente, a través da Xunta Directiva, cunha mínima antelación dun mes, por tódolos asociados e polo persoal contratado ó servizo da Asociación.

O Acordo sobre a disolución requirirá maioría cualificada das persoas presentes con dereito a voto que resultará cando os votos afirmativos superen os dous tercios.

- 2) Por orde da autoridade competente no caso de incumprimento dos presentes Estatutos.

**Artigo 25º:**

No suposto de disolución da Asociación do CDR "O Viso" e unha vez cumpridas as obrigas propias e as contraídas con terceiras persoas, os bens sobrantes, se os houbera, pasarán a outra Asociación de Centro de Desenvolvemento Rural integrada na Confederación de Centros de Desarrollo Rural (C.O.C.E.D.E.R), e no seu defecto a favor da entidade de carácter benéfico-social que determine a Asemblea Xeral.

**Capítulo 2: RELACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES.**

**Artigo 26º:**

A Asociación do CDR "O Viso" está integrada como membro de pleno dereito na Confederación de Centros de Desarrollo Rural "COCEDER" co enderezo central en Valladolid, na rúa Fuente el Sol nº 2, entreplanta.

A Asociación do CDR "O Viso" no seu afán de promocionar o desenvolvemento do medio rural, establecerá as relacións tanto no ámbito estatal como internacional, con entidades públicas ou privadas, que persigan e apoien fins similares.

Os acordos para manter relacións estables son facultade da Asemblea Xeral Ordinaria que, en calquera momento, poderá revisalos. Por acordos da Xunta Directiva poderanse manter relacións non estables con outras entidades, dándose conta das mesmas na primeira Asemblea Xeral Ordinaria que se celebre.

**DISPOSICIÓN ADICIONAL:**

En todo canto non este previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002 , do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.

En Lodoselo, a 6 de xuño do 2003







Artigo 1.º  
No ámbito de actuación da Asociación do CUR (C) V.F.S.O. desenvólvense as  
actividades propias do desenvolvemento rural, tendo en conta as condicións  
particulares de cada unha das zonas de desenvolvemento rural, mediante as  
actuacións de carácter de desenvolvemento rural, que se realicen no ámbito  
de actuación da Asociación do CUR (C) V.F.S.O. e que se determinen a continuación:

Artigo 2.º  
A Asociación do CUR (C) V.F.S.O. está integrada como entidade de carácter  
económico, social e cultural, que se desenvolve no ámbito de actuación do  
CUR (C) V.F.S.O. e que se desenvolve no ámbito de actuación do CUR (C) V.F.S.O.

A Asociación do CUR (C) V.F.S.O. desenvólvense no ámbito de actuación do  
CUR (C) V.F.S.O. e que se desenvolve no ámbito de actuación do CUR (C) V.F.S.O.  
O obxecto desta entidade é desenvolver as actividades propias do desenvolvemento  
rural, tendo en conta as condicións particulares de cada unha das zonas de  
desenvolvemento rural, mediante as actuacións de carácter de desenvolvemento  
rural, que se realicen no ámbito de actuación da Asociación do CUR (C) V.F.S.O.

Artigo 3.º  
A Asociación do CUR (C) V.F.S.O. desenvólvense no ámbito de actuación do  
CUR (C) V.F.S.O. e que se desenvolve no ámbito de actuación do CUR (C) V.F.S.O.





## XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE XUSTIZA,  
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL  
Delegación Provincial en Ourense

Camiño Vello Prado - Loña, s/n.  
32004 OURENSE  
Teléfono 988 38 63 83 - Fax 988 38 63 84

Examinado expediente sobre modificación dos Estatutos da Entidade denominada ASOCIACIÓN DO CENTRO DE DESENVOLVEMENTO RURAL O VISO inscrita por Resolución 10/10/90, correspondéndolle o nº 1990/000894-1 (OU) do Rexistro Provincial de Asociacións e tendo en conta os seguintes

### FEITOS

Que a Asemblea Xeral Extraordinaria da Entidade, celebrada o día 06/06/03, acordou a modificación dos seus Estatutos **ADAPTACIÓN A LEI 1/2002**.

### FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: Que esta Delegación Provincial é competente para resolver sobre a inscrición solicitada, de conformidade coa Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación en relación co Real Decreto 1639/1996, do 5 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Asociacións e Orde do 26 de setembro de 1996.

Segundo: Que na adopción do acordo de modificación cumpriuse o disposto nos Estatutos Sociais, que o mesmo non altera a natureza xurídica da Entidade e que na documentación presentada non se aprecia que concorran os supostos contemplados nos números 2 e 5 do artigo 22 da Constitución.

Terceiro: Vistos os preceptos legais citados e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

### RESOLVO

Inscribi-la modificación dos Estatutos da Entidade da que se trata e visa-los novos, ós sós efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución.

Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso de alzada ante o Excmo. Sr. Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración Local no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ó da notificación desta resolución; ou calquer outro recurso que estime pertinente o seu dereito.

Ourense, 22 de outubro de 2003

A DELEGADA PROVINCIAL



Asdo.: Marisol Díaz Mouteira